

## **ASUNTO: sobre restitución do Camiño Inglés**

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro de Somos Cabanas - Participación Democrática Directa presenta a seguinte proposta para o seu debate no vindeiro Pleno ordinario da Corporación de setembro de 17:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Camiño Inglés de Santiago ao seu paso polo municipio de Cabanas discorría por Laraxe e Porto, sendo ambas as parroquias paso tradicional e histórico de camiños cara ao Seixo, Neda e Ferrol. Ademais durante este traxecto os peregrinos transitaban por vías tradicionais con servizos onde poder avituallarse (fontes, descansos, hostalería, patrimonio cultural, etc.) e pola única praia que cruzaba o Camiño de Santiago.

O cambio de trazado que en 2017 está a consumar Patrimonio da Xunta deixa fóra da ruta a praia da Madalena, onde ademais se atopa a antiga hermida de Santa Marta (historicamente relacionada co paso de peregrinos), co que se prexudicaría tanto os peregrinos como parte dos negocios de hostalería dos que dispón o municipio de Cabanas. Os peregrinos, directamente atravesan de Laraxe a Cabanas, sen pisar Porto.

Ademais, co novo trazado que está a impoñer a Xunta, os peregrinos deben realizar sucesivos cruzamentos perigosos pola N-651, co grave risco que representa para os peregrinos.

Por último, o novo trazado cruza os núcleos do Pereiro, O Peón, Cabanas e O Areal, densamente poboados e aos que se lles impuxo a afección de Patrimonio Cultural.

En consecuencia, o Pleno **ACORDA** instar á Xunta a:

**Manter o Camiño inglés de Santiago por Vilar do Colo-Porto-A Madalena.**

Cabanas, 18 de setembro de 2017

Xosé Manuel Pérez Sardiña

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS